

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE ABRIL DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a petición ao Consello Consultivo de Galicia da emisión de informe en relación coa transferencia da competencia executiva en materia de autorización de traballo dos estranxeiros cuxa relación laboral se desenvolva en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Porriño para a primeira fase do proxecto para a ampliación do Centro Cultural cun novo auditorio, por un importe total de cincocentos corenta e sete mil catrocentos noventa e sete euros con cincuenta e sete céntimos (547.497,57 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se efectúa a súa convocatoria para o ano 2025, por un importe total de seis millóns de euros (6.000.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do Programa para o fomento do uso de bicicletas eléctricas con pedaleo asistido e bicicletas de man para cadeiras de rodas, EBici, como modos para o impulso dunha mobilidade sostible e saudable.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto na normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Galicia investiga igualdade para o apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2025, cun importe total dun millón cento noventa e catro mil euros (1.194.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da adxudicación, por parte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., do contrato de servizos para a redacción do proxecto de urbanización e parcelamento da modificación puntual número 1 do proxecto sectorial para a implantación do centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns seiscientos trinta e un mil seiscientos sesenta e sete euros (2.631.667,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello da Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado, da subministración sucesiva de medicamentos destinados ao tratamento das enfermidades hematolóxicas oncolóxicas, para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de trinta e dous millóns tres mil catrocentos corenta e catro euros e setenta e tres céntimos, con IVE (32.003.444,73 €) e un valor estimado de cento vinte e nove millóns douscentos corenta e catro mil seiscientos oitenta euros, con oitenta e un céntimos, sen IVE (129.244.680,81 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Marín para o equipamento do novo auditorio municipal, por un importe de trescentos trinta e seis mil setecentos oitenta e tres euros con nove céntimos (336.783,09 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio para realizar diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de seiscientos noventa mil euros (690.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da modernización da rede de medidas oceanográficas de auga pouco profundas.

INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o fondo social para o clima.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a licitación das obras na Residencia de Maiores de Carballo.
- Informe sobre a orde de axudas para o fomento do asociacionismo e a participación das mulleres do ano 2025.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a incidencia do reforzo das redes de transporte e as medidas de repotenciación dos parques eólicos na implantación de proxectos industriais.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia, primeiro trimestre de 2025.
- Informe relativo aos procesos selectivos no ámbito do emprego público que se van convocar no ano 2025.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a Campaña de verán 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións do Plan de mellora das infraestruturas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, da Consellería do Medio Rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA SOLICITARÁ AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA UN INFORME SOBRE O TRASPASO DAS COMPETENCIAS PARA XESTIONAR OS PERMISOS DE TRABALLO

- Resalta a importancia de mellorar a tramitación dos permisos para facilitar a incorporación de man de obra a sectores produtivos clave
- A decisión enmárcase no obxectivo do Goberno galego de reclamar competencias que poidan mellorar a vida dos galegos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Executivo autonómico aprobou hoxe “solicitar formalmente un informe ao Consello Consultivo de Galicia” sobre “as posibilidades legais” do traspaso das competencias para xestionar os permisos de traballo das persoas doutros países. O obxectivo é avaliar a posibilidade de asumir esta función en tres áreas concretas: as autorizacións iniciais para que unha persoa estranxeira poida traballar na comunidade, os permisos para traballos de tempada e os de larga estancia por motivos de estudos ou formación.

O obxectivo da Xunta é mellorar e axilizar a xestión destas autorizacións, “especialmente nas prazas de urxente cobertura”, algo fundamental para executar as políticas de retorno que axuden a facer fronte ao reto demográfico, a despoboación de certas zonas do rural e a falta de man de obra en sectores claves coma a agricultura, a construción, o turismo ou o eido sociosanitario.

O presidente salientou que outras comunidades como Cataluña xa teñen transferidas estas competencias e o Estado iniciou os trámites para efectuar este traspaso no País Vasco. Por iso, a Xunta solicitará ao Consultivo un informe para certificar se esta transferencia encaixa no ordenamento autonómico e xurídico e avanzar na reclamación oficial para poder asumir tamén estas funcións.

Esta decisión enmárcase no obxectivo da Xunta “reclamar competencias que poidan mellorar a vida da xente”, que os galegos demanden e que “poidan ser mellor xestionadas desde o ámbito autonómico”. Nesta liña, Rueda indicou que a Xunta traballa para ampliar o teito competencial da comunidade, negociando “a xestión compartida das alertas meteorolóxicas”, insistindo “no rescate e transferencia da AP-9” ou esixindo “a coxestión do Ingreso Mínimo Vital”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA OS EQUIPAMENTOS DO PORRIÑO CUN NOVO AUDITORIO NA SÚA ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DO TURISMO URBANO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Goberno local para a ampliación do Centro Cultural da localidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do Convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello do Porriño a través do cal se amplía o Centro Cultural da localidade. Este acordo avanza na primeira fase do proxecto, que inclúe a construción dun novo auditorio e conta cun orzamento total de 547.497,57€.

Actualmente, o Centro Cultural dispón dun auditorio municipal, situado na planta baixa do edificio, que conta con 171 butacas. Este espazo nunca foi renovado e está desactualizado, cunha acústica problemática e butacas en moi mal estado de conservación. Ademais, a escasa inclinación da sala dificulta a visión desde unha gran parte dos asentos.

Para contrarrestar esta situación, o novo auditorio municipal incrementará o número de asentos ata os 340. Destes, 184 butacas estarán dispostas en chanzo retráctil e 156 serán fixas. A sala contará, ademais, cun espazo escénico, camerinos e instalacións adecuadas aos distintos usos culturais que se lle veñen dando ás instalacións actuais.

Deste xeito, o Concello do Porriño incrementa os recursos e dotacións ao servizo da veciñanza e do público en xeral, e ao mesmo tempo aumenta a súa idoneidade e capacidade para acoller eventos e espectáculos de maior envergadura e, polo tanto, a súa atracción de visitantes.

O proxecto recolle o deseño dun edificio integrado no patio traseiro do actual Centro Cultural, de tal modo que se solucione o problema actual de desnivel na parcela existente e que se integre coas actuais instalacións. Para isto, está previsto urbanizar toda a parcela en que se sitúa actualmente o devandito centro, de tal modo que se xere un espazo público de calidade e accesible a toda a cidadanía, que conte con instalacións exteriores cubertas de usos múltiples, vinculadas co auditorio actual.

A acción englobase no marco da Estratexia de turismo de Galicia 2030 que, dentro da súa misión de promoción, comercialización, desestacionalización e internacionalización, conta cunha medida concreta centrada no turismo urbano, a través da cal se recoñece a importancia das localidades galegas como destinos dinámicos e completos e a relevancia dos seus equipamentos culturais.

Segundo o convenio, Turismo de Galicia colaborará no financiamento do custo das actuacións previstas achegando 500.000 € con cargo aos orzamentos da Comunidade para 2025. O acordo estará vixente desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CUN ORZAMENTO DE 6 M€

- O Consello da Xunta aprobou estas axudas plurianuais, que incorporan unha nova liña de axudas para o apoio a organizacións de defensa dos dereitos das mulleres
- Destínanse 4,1 M€ para os proxectos no exterior de ONGD, 700.000 € para outros axentes de cooperación e 1,2 M€ para proxectos de xénero
- Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos poderanse financiar como máximo dous proxectos en cada liña, sempre que un deles se leve a cabo nun país considerado prioritario no V Plan director da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, que mantén o importe total de 6 millóns de euros. Das axudas totais, 4,1 millóns son para proxectos no exterior de ONGD e outros 700.000 euros para proxectos no exterior doutros axentes. Os 1,2 millóns restantes destínanse a unha nova liña de axudas creada para o apoio a organizacións de defensa dos dereitos das mulleres.

Neste último caso, as entidades solicitantes deberán contar con experiencia na execución de proxectos de xénero ou en apoio ao movemento feminista e de mulleres financiados pola Xunta, previamente á publicación da convocatoria. Ademais, deberán presentar como contraparte ou socio local unha organización de mulleres que traballe pola promoción dos dereitos da poboación feminina, que leve legalmente constituída como mínimo dous anos e que teña experiencia na execución de cando menos catro proxectos en defensa dos dereitos das mulleres.

A través desta orde fináncianse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario.

Cobertura de necesidades básicas

Así, coas actuacións previstas, preténdese dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación e a saúde, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a habitabilidade e tamén a promoción do tecido económico en materia de agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

O período de execución dos proxectos abrangue ata 2026 e pódese solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade cunha porcentaxe de execución da primeira anualidade do 75 %. Ademais, permítese presentar a documentación xustificativa nun prazo de tres meses desde que finalicen as actividades subvencionadas e dúplícase o período de execución dos proxectos, de tres a seis meses. Estas modificacións resultan da adaptación da nova Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, ben sexa individuais o en agrupación. Deben cumprir o requisito de que polo menos un dos proxectos sexa executado nun país definido como prioritario no V Plan director da Cooperación Galega, isto é, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde.

A subvención distribúese cun 35 % en 2025 e cun 65 % en 2026. En concreto, cunha dotación de 2,1 millóns neste ano e os 3,9 millóns restantes resérvanse para o próximo exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ UNHA NOVA ORDE DAS AXUDAS DO PROGRAMA EBICI PARA IMPULSAR A COMPRA DE BICICLETAS ELÉCTRICAS

- O investimento da nova convocatoria será de 1,7 M€ e engloba tanto as bicicletas de pedaleo asistido como as de man híbridas ou eléctricas adaptadas para cadeiras de rodas
- Desde o seu comezo en 2022, e sumando esta nova convocatoria, o Goberno galego destinou un total de 4,4 M€ a esta iniciativa

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova liña de axudas do programa EBici para mercar bicicletas eléctricas de pedaleo asistido e de man para cadeira de rodas. Contará cun investimento total de 1,7 millóns de euros, divididos en dúas anualidades: 1 millón de euros neste 2025 e os 700.000 euros restantes en 2026. Con esta nova convocatoria, o investimento total no programa será de 4,4 millóns de euros dende a súa posta en marcha en 2022.

A Xunta aposta con este programa pola mobilidade sostible e saudable mediante o fomento da adquisición de bicicletas eléctricas como forma de reducir a contaminación ambiental e acústica e de mellorar a saúde da poboación. Tamén promove actuacións en prol da plena integración das persoas con mobilidade reducida, englobando en EBici tanto as bicicletas de pedaleo asistido como as denominadas *handbike*, ou bicicletas de man híbridas ou eléctricas, coas cales se dota a unha cadeira de rodas dunha mobilidade similar á dunha bicicleta eléctrica.

Ademais, a iniciativa pretende minimizar o uso do vehículo particular nos desprazamentos da contorna urbana e, ao mesmo tempo, dinamizar o comercio local, estimulando a economía dos pequenos establecementos.

Esta convocatoria de axudas bianual supón unha rebaixa de ata o 50 % do custo da bicicleta eléctrica, cun máximo de 500 euros con carácter xeral. No caso de familias numerosas, o desconto aumenta ata un 60 %, cun máximo de 600 euros. Por último, para as familias numerosas de categoría especial e para as persoas con mobilidade reducida, o desconto será dun 70 % e cun máximo de 700 euros.

Para ser beneficiario ou beneficiaria desta axuda, débese tramitar unha solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren na listaxe que se publicará na páxina web <https://ebici.xunta.gal> da Dirección Xeral de Mobilidade. Será a entidade colaboradora a encargada de presentar de xeito electrónico a solicitude de axuda.

Impulso da mobilidade sostible e saudable

Desde o seu inicio en 2022 ata o peche da última convocatoria en novembro de 2024, o Goberno galego destinou preto de 2,7 millóns de euros a EBici. Este investimento supuxo a mobilización de máis de 8 millóns de euros e sumou 167 entidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboradoras, e foron máis de 5.300 as persoas beneficiadas por estas axudas, principalmente na contorna urbana, onde se concentra a meirande parte da poboación.

Por provincias, a maioría das axudas concedidas corresponden a Pontevedra, con 2.870 e 1,4 millóns de euros asignados, seguida da Coruña, con 1.582 axudas e máis de 780.600 euros. En Ourense concedéronse 573 axudas, que suman 285.100 euros, e en Lugo 368, con case 181.000 euros.

En canto ás entidades adheridas ao programa, 69 sitúanse en Pontevedra, 61 na Coruña, 19 en Lugo e 18 en Ourense. Trátase de establecementos comerciais abertos ao público en Galicia que se dedican de xeito total ou parcial á venda de bicicletas con pedaleo asistido ou bicicletas de man eléctricas ou híbridas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O NOVO PROGRAMA 'GALICIA INVESTIGA IGUALDADE', CON 1,1 M€ PARA APOIAR DEZ PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL EN MATERIA DE XÉNERO

- Os contratos, prorrogables durante catro anos, comezarán a desenvolverse desde o vindeiro 1 de setembro
- A iniciativa inclúe, ademais, o financiamento dunha estadía no estranxeiro de tres meses de duración, que lles permitirá ás persoas beneficiarias acadar a mención de doutora ou doutor internacional
- As achegas oscilarán entre os 24.600 € e os 30.600€, un importe que na etapa posdoutoral acadará os 31.500 euros ao ano

O Consello da Xunta deu conta hoxe da posta en marcha do novo programa Galicia investiga igualdade, unha iniciativa pioneira que beneficiará dez estudantes predoutorais para que poidan impulsar as súas carreiras científicas en materia de xénero e no cal o Goberno galego investirá 1,1 M€.

O presentado esta mañá é o primeiro programa de apoio á investigación na etapa predoutoral en materia de xénero, que consistirá nunha convocatoria de contratos predoutorais para estudantes nas universidades galegas e que permitirá apoiar un total de dez contratos, prorrogables durante catro anos. Os contratos das persoas investigadoras terán unha duración máxima de catro anos e comezarán a desenvolverse desde o vindeiro 1 de setembro.

O obxectivo da Xunta con este programa é apoiar a etapa predoutoral, dando axudas ás tres universidades públicas galegas que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras ou doutores en materia de xénero en calquera das áreas de coñecemento. Esta iniciativa inclúe, ademais, o financiamento dunha estadía no estranxeiro de tres meses de duración, que lles permitirá acadar a mención de doutora ou doutor internacional.

As axudas distribuiranse entre as cinco ramas de coñecemento: Artes e Humanidades; Ciencias; Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura, de xeito que se garanta a concesión dun mínimo dunha axuda para cada rama. As devanditas achegas oscilarán entre os 24.600 € e os 30.600 €, un importe que na etapa posdoutoral acadará os 31.500 euros ao ano. Ademais, as axudas para estadias no estranxeiro terán un importe máximo de 6.000 €, en función do destino.

A finalidade deste programa é fomentar a formación de investigadoras para obter o título de doutoramento e adquirir competencias relacionadas coa investigación en xénero. Tamén se busca mellorar o coñecemento da situación, condicións e posición de mulleres e homes nas relacións de xénero nos distintos ámbitos da vida, así como dar a coñecer os resultados da investigación que poidan constituír boas prácticas de políticas de igualdade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A perspectiva de xénero está presente en todas as áreas do Goberno galego de xeito transversal e este novo programa é un paso importante da Xunta de Galicia para apoiar o impulso da perspectiva de xénero no eido da investigación universitaria.

Este programa enmárcase noutros instrumentos de planificación do Goberno galego, como é o RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo ao obxectivo estratéxico de desenvolver o talento das persoas, e no VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, no relativo á introdución da perspectiva de xénero na ciencia e na investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PERMITIRÁ A IMPLANTACIÓN DE INDUSTRIA NO ANTIGO CENTRO DE TRANSPORTE DE PONTE CALDELAS CON 87.000 M² DE SOLO EMPRESARIAL

Esta actuación súmase a outras que xa se están a desenvolver na provincia de Pontevedra, como son os polígonos industriais de Lalín, Toedo, Louredo-Mos, Poio ou o do Campiño

A Xunta de Galicia permitirá a implantación de industria no antigo Centro de Transporte de Ponte Caldelas coa posta á disposición do tecido empresarial da comarca de Pontevedra de 86.964 m² de solo industrial.

Así, na reunión que tivo lugar esta mañá, o Consello do Goberno galego tomou razón do acordo de adxudicación –a través da sociedade de Xestión do Solo de Galicia (Xestur)– do proxecto de urbanización á empresa Proyectos y Estudios Técnicos de Galicia, que permitirá a implantación de empresas no antigo Centro de Transporte e Terminal Intermodal deste concello.

O obxectivo é adaptar ás novas necesidades das empresas 42 parcelas xa existentes e destinalas para uso industrial-comercial, para consolidar así o desenvolvemento industrial da zona.

Deste xeito, a Xunta avanza na súa estratexia de facilitar o asentamento de novas empresas en Galicia e ampliar as que xa están instaladas, e no proceso de desenvolver solo industrial nos concellos en que teñen necesidade e onde as empresas están esperando para poder asentar as súas industrias. Trátase de ter un desenvolvemento industrial homoxéneo en toda Galicia.

Máis de 1,7 millóns de m² de solo empresarial na provincia de Pontevedra

Esta iniciativa complementa outras actuacións que o Executivo autonómico está a desenvolver na provincia de Pontevedra e que supoñen a posta á disposición do empresariado galego dun total de 1,7 millóns de metros cadrados.

Entre estas actuacións, destaca a IV fase do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m²); a ampliación do parque empresarial de Toedo na Estrada (156.685 m²); o polígono industrial de Louredo-Mos (479.464 m²); e os parques industriais de Poio (386.513 m²) e o do polígono do Campiño (342.215 m²).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 2,6 M€ AO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE CAPITALIDADE

- O Goberno galego contribúe así ao mantemento dos servizos na cidade derivados da súa condición como capital de Galicia e sede das institucións autonómicas
- A cantidade consignada para 2025 increméntase un 10 % con respecto ao ano pasado

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago en virtude do cal o Goberno galego achegará máis de 2,6 millóns de euros ao consistorio compostelán no ano 2025 para o financiamento dos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma.

Este acordo enmárcase na Lei 4/2002, do Estatuto de Capitalidade de Santiago de Compostela, que recoñece a cidade compostelá como sede das institucións autonómicas e capital de Galicia. A citada norma regula, ademais, as relacións de colaboración e cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Estatuto de capitalidade establece a necesidade de achegar, por parte do Goberno galego, financiamento específico para axudar a sufragar o custo adicional derivado da presenza das institucións autonómicas no termo municipal de Santiago de Compostela. A cantidade consignada para 2025, 2.631.667€, supón un incremento dun 10 % con respecto ao ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONSTRUCIÓN DE 100 NOVAS VIVENDAS PÚBLICAS EN SOLOS CEDIDOS POLO CONCELLO DA CORUÑA

- O Consello da Xunta toma razón da tramitación do expediente de aceptación da cesión gratuíta de catro parcelas en distintas localizacións da cidade para seguir incrementando o parque público residencial
- A Xunta mantén o ritmo de traballo no compromiso de incrementar as vivendas de promoción pública nesta lexislatura ata acadar as 8.000
- No Coruña, a Xunta avanza tamén na adxudicación da redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito de Monte Mero, onde se prevén 4.310 vivendas, o 80 % delas protexidas, no marco da Estratexia galega de solo residencial.

O Executivo autonómico tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido por parte do Concello da Coruña á Xunta, que lle permitirá á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), impulsar a construción de preto de 100 novas vivendas de promoción pública no municipio.

Deste xeito, a Xunta recibirá a titularidade gratuíta de 4 parcelas en distintas localizacións da cidade. Unha delas correspóndese coa parcela de 281,80 metros cadrados localizada na zona da rúa Rey Abdullah, e na cal se prevé construír 11 vivendas de promoción pública; outra é a parcela situada no polígono Los Rosales-Zona Elíptica, cunha superficie de 1.220 m², e cun número de novas vivendas que se estima que acaden as 58.

Ademais, localízase outras dúas parcelas no lugar de Pedro Fernández I, unha de 1.238,20 m², na cal se prevén construír 20 vivendas de promoción pública; e outra de 290,47 m², na cal se prevé construír outras 10 novas vivendas.

Unha vez que se asinen as escrituras públicas de cesión entre o Concello da Coruña e Vipugal, a Xunta asumirá a titularidade destas parcelas e iniciará o proceso de licitación dos proxectos para a construción das vivendas.

O Goberno galego mantén o compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.000 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

Ademais, a Xunta tamén ten en marcha a primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, coa cal busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres. No caso da Coruña, a Xunta avanza na adxudicación da redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito de Monte Mero, onde se prevén 4.310 vivendas, o 80 % delas protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 32 M€ NA COMPRA DE MEDICAMENTOS INNOVADORES PARA O TRATAMENTO DAS ENFERMIDADES HEMATOLÓXICAS ONCOLÓXICAS

- O Consello da Xunta autorizou a contratación da subministración sucesiva destes medicamentos innovadores destinados aos hospitais do Servizo Galego de Saúde
- Os medicamentos que se inclúen nesta compra son as chamadas terapias dirixidas, deseñadas para exercer o seu efecto sobre as células cancerosas que presentan certos cambios internos que fomentan o desenvolvemento do cancro
- O contrato ten unha duración de 12 meses e pode ser prorrogado por 36 meses máis, acadando así un valor estimado próximo aos 130 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por importe de 32.003.444 euros, da subministración sucesiva de medicamentos innovadores destinados aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde para o tratamento das enfermidades hematolóxicas oncolóxicas, como linfomas ou leucemias.

O contrato ten unha duración de 12 meses e pode ser prorrogado por 36 meses máis, acadando así un valor estimado próximo aos 130 millóns de euros.

Os fármacos incluídos nesta contratación están indicados para enfermidades graves ou moi graves, onde a introdución na terapia de novos medicamentos alternativos á quimioterapia convencional permitiu aumentar a supervivencia libre de progresión do tumor, a supervivencia global e a calidade de vida dos pacientes.

Os medicamentos que se inclúen nesta compra son as chamadas terapias dirixidas, deseñadas para exercer o seu efecto sobre as células cancerosas que presentan certos cambios internos que fomentan o desenvolvemento do cancro.

A diferenza da quimioterapia, estes medicamentos van dirixidos cara a un ou máis obxectivos específicos presentes, por exemplo, nas células da leucemia ou do linfoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O EQUIPAMENTO DO NOVO AUDITORIO DE MARÍN CUN ACORDO DE MÁIS DE 330.000 €

- O Consello dá o visto e praxe ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Marín encadrado no Plan de modernización das infraestruturas culturais
- A nova dotación facilitará que o auditorio municipal poida acoller espectáculos escénicos de alta calidade e incorporarse á Rede galega de teatros e auditorios
- O espazo, actualmente en construción, contará con elementos técnicos de son, luces, cámara negra e materiais escénicos complementarios financiados a cargo do convenio

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Marín para o equipamento técnico do novo auditorio municipal, actualmente en fase final de construción. O acordo está dotado cun investimento de 336.783,09 €, dos cales 250.000 € serán á conta dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Este apoio permitirá dotar o novo espazo cultural de equipamento profesional en son, iluminación, cámara negra e materiais técnicos escénicos, co obxectivo de garantir a súa adecuación ás exixencias da programación cultural contemporánea e facilitar a súa integración na Rede galega de teatros e auditorios, que coordina a Axencia Galega de Industrias Culturais.

O equipamento permitirá dotar o auditorio dunha infraestrutura moderna e versátil, con sistemas profesionais de son, luz e escenografía que aseguran a calidade técnica necesaria para acoller espectáculos de teatro, música, danza ou outras expresións artísticas. A actuación responde así á vontade de ofrecerlle á veciñanza un acceso digno e estable á cultura e fortalecer a capacidade do concello para programar actividades escénicas de referencia.

Enmarcado na aposta da Xunta por mellorar e impulsar o equipamento das unidades culturais e garantir o acceso á cultura de todos e en todo o territorio, a iniciativa vai en liña co futuro plan de modernización das infraestruturas culturais e a Lei de cultura inclusiva e accesible, aprobada por unanimidade no Parlamento. Deste xeito, o convenio busca garantir o apoio ás compañías galegas e descentraliza a oferta cultural profesional, e permitirá que Marín dispoña así dunha infraestrutura moderna, accesible e plenamente funcional para acoller producións escénicas de teatro, música ou danza.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dá continuación a outras actuacións previas promovidas pola Xunta en colaboración co Concello, como a propia construción do auditorio —cun investimento de 2 millóns de euros a través da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas—, no marco da Estratexia DUSI #Marín2020 e con cofinanciamento de fondos Feder.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2025 e establece que as actuacións subvencionables poderán realizarse desde o 1 de xaneiro dese ano. A xustificación dos gastos deberá presentarse antes do 30 de novembro de 2025. Ademais, prevé a posibilidade de anticipos de ata o 80 % da contía para facilitar a execución eficiente da actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO REFORZARÁN A COLABORACIÓN PARA AFONDAR NAS MEDIDAS DO PLAN ESTRATÉXICO CON FOCO NAS VILAS E CONCELLOS RURAIS

- O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e esta entidade co fin de seguir avanzando no apoio ao comercio de proximidade como motor económico e social do territorio
- Cun orzamento de 690.000 €, o acordo inclúe a continuidade de campañas como Merca no teu comercio, que como novidade se focalizará en 40 localidades que non contan con centros comerciais abertos, con entregas de premios en cada unha delas
- Tamén prevé o desenvolvemento dun programa de formación sobre facturación electrónica, encontros de *networking* para promover a participación e o intercambio de experiencias e a creación de contidos formativos breves para redes sociais
- O acordo enmárcase dentro do compromiso prioritario da Xunta de Galicia co impulso e modernización do sector comercial, que acaba de consolidarse co novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, dotado con 320 millóns de euros
- A planificación inclúe iniciativas de gran visibilidade, que completarán as impulsadas coa Federación, como a continuidade dos bonos Activa comercio e proxectos singulares como Vilas vivas, Localízate ou Prato de mercado

O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio co fin de seguir avanzando na colaboración co sector e afondar no apoio ao comercio de proximidade como motor económico e social do territorio, que xera máis de 107.000 empregos. Cun orzamento total de 690.000 euros en 2025 —dos cales a Xunta achega 627.900— o acordo pon o foco en accións estratéxicas como o impulso da formación en asuntos de elevado interese para o sector —como a nova facturación electrónica— e avanza nunha maior capilaridade das medidas en vilas pequenas e medianas co obxectivo de acadar un impacto directo sobre os comercios e o tecido asociativo de contornas máis locais. Así, darase continuidade a campañas de dinamización de gran éxito como Días azuis ou Merca no teu comercio, esta última coa principal novidade de que se estenderá máis alá das grandes cidades e contará con actos de entrega de premios en 40 localidades diferentes, e chegará a máis de 60 asociacións de comerciantes, beneficiando aos veciños e negocios de 80 municipios.

Deste xeito, o convenio aprobado hoxe reforza e complementa a batería composta por máis de 70 accións recollidas no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 —en cuxa elaboración participou activamente a Federación Galega de Comercio—, consolidando o papel desta entidade como un axente fundamental na dinamización do sector e na súa capacidade de intervención no territorio.

Principais eixes de traballo

O acordo estrutúrase en tres liñas de actuación diferenciadas, centradas respectivamente na promoción comercial, no asesoramento e na formación, e no impulso da dixitalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación co impulso da demanda comercial e o fomento do consumo no comercio de proximidade, está prevista a reactivación das mencionadas iniciativas Días azuis e Merca no teu comercio, recoñecidas polo seu impacto positivo tanto na cidadanía como nos negocios. No caso desta última, este ano promoveranse entregas de premios en 40 vilas pequenas e medianas que non contan con centros comerciais abertos, cun dobre obxectivo: por unha banda, aumentar o impacto da iniciativa nestas localidades e, pola outra, fomentar o interese polo asociacionismo comercial.

O segundo dos eidos clave céntrase no reforzo da atención profesional e da formación. Neste sentido, está prevista a posta en marcha dun servizo centralizado que ofrecerá asesoramento integral —tanto de forma presencial como a través de medios telemáticos e telefónicos, incluíndo unha liña gratuita 900— para resolver de maneira áxil e eficaz as dúbidas existentes, orientar as persoas emprendedoras e difundir os programas e liñas de axudas dispoñibles. Como complemento, organizaranse encontros provinciais de *networking* para fomentar a participación activa e o intercambio de experiencias, así como un programa extraordinario de formación en facturación electrónica —un dos temas máis demandados que se identificaron no proceso de diagnose do Plan estratéxico—. Ademais, elaboraranse contidos formativos breves e prácticos, que serán difundidos nas redes sociais, pensados para dar resposta ás necesidades cotiás dos comercios, tamén en consonancia coa planificación elaborada pola Xunta en colaboración co sector. Finalmente, o convenio inclúe o impulso da dixitalización tanto da Federación Galega de Comercio como das asociacións que a integran. Inclúe a mellora da plataforma de comercio en liña Comercio galego, das redes sociais e da páxina web, así como accións de *mentoring* para optimizar a presenza dixital das entidades asociadas.

Compromiso estratéxico co sector

Todas estas medidas enmárcanse dentro do compromiso prioritario da Xunta de Galicia co impulso e modernización do sector comercial, artellado a través do novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030. Cun orzamento de 320 millóns de euros, este plan recolle unha ambiciosa folla de ruta que inclúe iniciativas de gran visibilidade, como a continuidade dos bonos Activa comercio e proxectos singulares como Vilas vivas ou Prato de mercado. Ademais, aposta polo fortalecemento de figuras clave, como os centros comerciais abertos, as prazas de abastos ou o comercio ambulante. Así mesmo, busca favorecer a conexión coa mocidade, tanto no seu papel de consumidores —a través do proxecto Localízate— como no de emprendedores, promovendo a remuda xeracional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN DE CAMIÑOS DE ZONAS DE PARCELARIA DA XUNTA BENEFICIA 33 CONCELLOS E PERMITE ACTUAR EN 149 KILÓMETROS CON 4,2 M€

- O Consello do Goberno autonómico tomou hoxe razón dunha iniciativa pioneira que propiciou un total de 159 actuacións, financiadas nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, nun 17,5 % pola Xunta e no 7,5 % restante polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- O obxectivo destas subvencións, xestionadas pola Consellería do Medio Rural, é acondicionar as vías de acceso rurais naquelas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria que xa estean rematadas, é dicir, aquelas en que se acadase a firmeza do acordo

O Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024 da Xunta de Galicia financiou un total de 159 actuacións, cunha lonxitude de 149,07 quilómetros, o que beneficiou 33 concellos, cun pagamento total de 4.251.096,16 euros.

O Consello do Goberno autonómico tomou hoxe razón desta iniciativa, que constitúe a primeira convocatoria destas características e que foi financiada nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, nun 17,5 % pola Xunta de Galicia e no 7,5% restante polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. As axudas tramitáronse en réxime de concesión directa, atendendo as solicitudes dos concellos.

O obxectivo destas subvencións, xestionadas pola Consellería do Medio Rural, é acondicionar as vías de acceso rurais naquelas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria que xa estean rematadas, é dicir, aquelas en que se acadase a firmeza do acordo. Así, o aumento das dimensións e do tamaño dos vehículos e a maquinaria agrícolas fan necesario o mantemento e a mellora dos camiños, para garantir o tránsito axeitado de vehículos e maquinaria, o que contribúe á competitividade das explotacións.

Estas achegas deseñáronse para mellorar as infraestruturas rurais incluídas en zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, tendo en conta a importancia destas vías para a cohesión social e territorial, así como para favorecer esa competitividade.

Actuacións subvencionables

Dentro desta convocatoria foron subvencionables as actuacións de ampliación para o incremento da largura, que supoña a mellora da seguranza viaria ou permita o cruzamento de vehículos en zonas curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos; ou o incremento da lonxitude, sempre e cando se faga co fin de rematar o camiño nunha estrada ou noutro camiño. Así mesmo, subvencionáronse as actuacións de mellora encamiñadas a un reforzo do firme existente –coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan–, ademais das obras de mellora de drenaxe, da seguranza viaria, reforzo de noiros ou de mellora da sinalización, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Puideron ser beneficiarios destas axudas todos aqueles concellos que teñan dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, que conteñan un mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e cunha porcentaxe do uso da terra superior ao 39 %.

Cada concello podía presentar ata un máximo de tres proxectos, dos cales, pola súa vez, cada un deles podía comprender un máximo de tres actuacións. Para estes efectos, enténdese por actuación a intervención sobre un mesmo camiño, ou ben sobre varios, sempre e cando, neste último caso, as obras proxectadas teñan unha continuidade física. A reposta dos concellos beneficiarios demostra o interese no mantemento e na mellora destas infraestruturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODERNIZA A REDE DE MEDIDAS OCEANOGRÁFICAS DAS AUGAS POUCO PROFUNDAS CON 15 NOVOS SENSORES PARA O REXISTRO EN CONTINUO DA SALINIDADE E DA TEMPERATURA

- Esta actuación afonda no proceso de modernización iniciado co proxecto Redecos I, no marco da plataforma Redemar, no cal se están a investir máis de 115.000 euros
- O obxectivo é ofrecer información máis axustada ao sector, avaliar mellor os posibles efectos do cambio climático, avanzar no sistema de alerta de baixada de salinidade e aumento de temperatura e servir de apoio a proxectos de investigación
- A estimación é que o despregamento das novas sondas conclúa ao longo do 2025, para cuxa localización se atenderá a factores como a importancia do recurso marisqueiro na zona ou a dispoñibilidade de información oceanográfica na área, entre outros.

O Consello da Xunta tomou razón da modernización da rede de medidas oceanográficas das augas pouco profundas mediante a instalación de 15 novos sensores para o rexistro en continuo da salinidade e de temperatura. A Consellería do Mar está levando a cabo esta actuación a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) no marco do Observatorio Costeiro de Galicia. Esta actuación afonda no proceso iniciado co proxecto Redecos I, desenvolvido no marco da rede de colaboración entre o sector pesqueiro e os centros de investigación de Galicia (Redemar) e que supuxo a posta en marcha da primeira fase piloto.

Nesta etapa realizouse a compra e fondeo de 3 sondas en Lombos do Ulla, Barallobre e Miño, que achegaron información relevante sobre o manexo e a instalación destes dispositivos. Agora, co desenvolvemento de Redecos II, financiada a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), acométese a instalación dos novos dispositivos, que elevan o investimento neste proceso de modernización por riba dos 115.000 euros.

Este plan supón unha mellora substancial no rexistro das variacións de salinidade e temperatura nas augas pouco profundas derivada do cambio da toma puntual de medidas fronte ao rexistro en continuo grazas ás melloras tecnolóxicas que presentan as novas sondas. O obxectivo é ofrecer información máis útil ao sector, que tamén permita avaliar mellor os posibles efectos do cambio climático, avanzar no sistema de alerta de baixada de salinidade e aumento da temperatura, así como servir de apoio a proxectos científicos e de investigación.

A estimación é que o despregamento dos sensores conclúa ao longo do 2025, para cuxa localización se atenderá a factores como a importancia do recurso marisqueiro na zona ou a dispoñibilidade de información oceanográfica na área, entre outros. Ademais, estase a desenvolver en paralelo un sistema de xestión da información obtida que permita a súa utilización polos diferentes axentes interesados, públicos ou privados, e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que posibilite a integración da información rexistrada en sistemas de características similares, como é o caso da sonda instalada en Arcade no marco do proxecto Ostreares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA RECLÁMALLE AO GOBERNO CENTRAL A PARTICIPACIÓN E XESTIÓN ACTIVA DAS AUTONOMÍAS NO PLAN SOCIAL PARA O CLIMA, QUE TERÁ UN ORZAMENTO DE 9.000 M€

- A Xunta incluíu esta solicitude nas observacións presentadas á consulta pública previa aberta polo Executivo central sobre esta iniciativa, que incluírá as medidas e actuacións que se financiarán ao abeiro do Fondo Social para o Clima da UE
- O Goberno galego lamenta que non se puxese en coñecemento das comunidades o borrador do documento e exige que se apliquen a nivel estatal os mesmos criterios de repartición que Bruxelas, como a dispersión da poboación
- O Fondo Social para o Clima, que busca garantir unha transición enerxética xusta para os sectores máis vulnerables, financiarase con 65.000 M€ procedentes das poxas do réxime de comercio de dereitos de emisión e completarase con achegas dos Estados membros ata acadar un orzamento global de 86.700 M€
- Apoíaranse proxectos que permitan levar a cabo actuacións de eficiencia enerxética e renovación de inmobles, facilitar a mobilidade e o transporte de baixas emisións e proporcionar apoio directo temporal aos fogares con poucos recursos

A Xunta de Galicia insta o Goberno central a garantir a participación e xestión activa das comunidades autónomas no Plan social para o clima, que terá un orzamento de 9.000 millóns de euros durante o período 2026-2032, cofinanciados nun 75 % con fondos europeos e nun 25 % con achegas estatais.

Segundo o informe presentado hoxe pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ante o Consello da Xunta, o Goberno galego incluíu esta solicitude no marco das observacións presentadas á consulta pública previa aberta polo Executivo central o pasado mes de marzo sobre o referido plan, que será a base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima (FSC) impulsado pola Unión Europea.

Aínda que neste procedemento non había unha proposta de texto, a Xunta quixo deixar constancia da súa demanda de que as comunidades autónomas participen nas decisións sobre a xestión destes fondos coa identificación das medidas e investimentos máis axeitados para desenvolver nos seus territorios. De feito, Galicia lamenta que o Goberno central non puxese en coñecemento das comunidades o borrador dun documento de tal relevancia para o conxunto do Estado.

Nesa liña, cómpre indicar que a Unión Europea considera clave que as autoridades rexionais participen na elaboración do Plan social polo clima que cada Estado membro deberá presentar antes do 30 de xuño de 2025, e no cal incluírá as medidas e actuacións que se financiarán ao abeiro do FSC, así como a forma de facer a repartición.

De feito, a Xunta fai fincapé na necesidade de que o Goberno central empregue os mesmos criterios de distribución dos fondos que Bruxelas. Entre eles, a dispersión poboacional, o nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro *per cápita*, a proporción de poboación en risco de pobreza enerxética, os ingresos medios dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fogares, a taxa de pobreza e desemprego ou o impacto esperado do novo sistema de réxime de dereitos de emisión para sectores do transporte por estrada e edificios.

Esta iniciativa, que se enmarca no Pacto verde europeo, financiarase con 65.000 millóns de euros procedentes das poxas do réxime de comercio de dereitos de emisión e completárase con achegas dos Estados membros ata acadar un orzamento global de 86.700 millóns de euros.

Medidas para financiar

Ao abeiro do FSC, preténdese garantir unha transición enerxética xusta para os sectores máis vulnerables da sociedade. Así, os plans sociais polo clima deberán establecer axudas temporais e directas á renda e medidas e investimentos que permitan reducir a dependencia dos combustibles fósiles dos usuarios de transporte, microempresas e fogares vulnerables.

En concreto, poderanse financiar proxectos que permitan levar a cabo actuacións de renovación de inmobles prestando especial atención aos fogares vulnerables e ás microempresas, de cara a acadar unha maior eficiencia enerxética dos edificios e a descarbonización da calefacción e a refrixeración. Tamén se apostará pola integración da xeración e o almacenamento de enerxías renovables mediante as comunidades cidadás de enerxía e outros clientes activos para promover o autoconsumo de enerxía renovable.

A maiores, no eido da mobilidade, serán subvencionables, entre outras, iniciativas para promover o uso dun transporte público accesible e asumible, o acceso a vehículos de emisión cero e de baixas emisións –incluíndo o desenvolvemento dun mercado de segunda man–, ou o establecemento dunha infraestrutura de recarga e subministración.

Ademais, os plans sociais polo clima poderán incluír medidas para proporcionar apoio directo temporal aos usuarios de transporte e fogares vulnerables para mitigar o impacto do incremento dos prezos dos combustibles fósiles para o transporte por estrada e para a calefacción.

Finalmente, tamén se avoga por levar a cabo campañas de información, educación, concienciación e asesoramento sobre medidas e investimentos dispoñibles para a mellora enerxética dos inmobles e sobre as alternativas de mobilidade e transporte sostible e accesible.

O Fondo Social para o Clima forma parte do paquete legislativo Fit for 55, que implementa o Pacto verde europeo. Nese senso, pretende contribuír a acadar os obxectivos climáticos da Comisión Europea de cara a 2030, axudando a descarbonizar o sector do transporte, mellorando o rendemento ambiental e enerxético dos edificios, combatendo a pobreza enerxética, apoiando o crecemento económico sostible e creando emprego verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 550.000 EUROS NA REFORMA DA RESIDENCIA DE MAIORES DE CARBALLO

As obras inclúen a renovación das fachadas, a mellora da accesibilidade e a substitución de pavimentos

O Goberno galego acometerá obras de reforma na residencia de maiores de Carballo dentro do programa de melloras que está a desenvolver nos centros residenciais da rede pública autonómica. O Consello da Xunta informou hoxe da próxima licitación desta actuación, á cal se destinarán preto de 550.000 euros con cargo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea.

O proxecto que se executará inclúe obras de renovación de fachadas, mellora da accesibilidade e substitución de pavimentos. O prazo de execución previsto para estes traballos é de catro meses. Así, entre outras actuacións, colocarse un sistema de illamento térmico exterior, disporase de novos pavimentos nas zonas destinadas a dormitorios, engadirase un novo sistema de climatización para o salón de actos e realizaranse accións na entrada principal do edificio para mellorar a súa accesibilidade.

Polo tanto, esta intervención afectará tanto o interior como o exterior do inmovible. Con ela preténdese mellorar o estado de conservación da edificación, corrixir as súas deficiencias enerxéticas e térmicas, e mellorar tanto a climatización como as condicións de accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 600 ENTIDADES DE MULLERES BENEFÍCIANSE DAS AXUDAS DA XUNTA PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS

- O Executivo autonómico leva destinados case dous millóns de euros a esta orde de axudas nos últimos 5 anos
- A nova convocatoria de apoios para este exercicio que publica hoxe o DOG ten un orzamento de 330.000 euros, un 4 % máis
- Prevese que 11.000 mulleres participen nos programas que desenvolvan as entidades

Preto de 600 entidades de mulleres recibiron entre os anos 2019 e 2024 axudas da Xunta para o fortalecer e consolidar o movemento asociativo, coa finalidade tanto de potenciar a participación social como a calidade de vida das mulleres. O Executivo autonómico leva destinados case dous millóns de euros a esta liña de subvencións, da cal hoxe publica unha nova convocatoria o *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A esta nova orde de axudas para 2025 destínanse 330.000 euros, un 4 % máis que na anterior. Este orzamento distribúese en dúas liñas de achegas. A primeira, dotada de 180.000 euros de fondos propios, diríxese a financiar o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

A segunda, de 150.000 euros procedentes do Pacto de Estado, é para a posta en marcha de programas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. Neste caso, poñen especial atención nas mulleres rurais, nas maiores e naquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade.

A previsión é que 11.000 mulleres galegas participen nos programas que as entidades desenvolvan a través desta convocatoria. Este apoio e colaboración permitirá que as asociacións de mulleres e as federacións poñan en marcha programas de promoción da igualdade, iniciativas de prevención da violencia de xénero e recursos para o acompañamento das vítimas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RECLAMA AO GOBERNO REFORZAR AS REDES DE TRANSPORTE QUE, COA REPOTENCIACIÓN, PERMITIRÍAN AUMENTAR A XERACIÓN DE ENERXÍA ATA UN 124 %

- Asegura que “o futuro pasa polas enerxías verdes” e que mellorar estas infraestruturas é clave para “continuar co proceso de descarbonización”
- O Consello coñeceu o resultado dun informe que advirte da necesidade de fortalecer estas instalacións para aproveitar todo o potencial eólico en Galicia e contribuír, así, ao avance industrial da comunidade
- A conselleira de Economía e Industria asegura que estas actuacións son “esenciais para o desenvolvemento industrial de Galicia”
- Galicia dispón de 190 parques eólicos en funcionamento, cunha potencia de 3.900 MW e, deles, o 60 % conta con muíños cunha antigüidade superior aos 20 anos
- A existencia de redes de transporte e distribución axeitadas permitiría, mantendo a mesma ocupación de terreos actual, duplicar a produción eólica e reducir o número de aeroxeradores preto dun 80%

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou volver reclamar ao Goberno central “que reforce as redes de transporte e de distribución de enerxía en Galicia” e salientou que iso -xunto a repotenciación de parques eólicos- “permitiría aumentar a xeración de enerxía renovable na comunidade ate un 124%”.

Rueda fixo fincapé en que “o futuro pasa polas enerxías verdes” e que o reforzo da rede de transporte é fundamental para “continuar o proceso de descarbonización” xa que non se trata só de producir enerxía “se non de poder trasportala ata os seus destinatarios”. “O reforzo da rede é un elemento esencial para o desenvolvemento industrial de Galicia”, engadiu a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana.

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá as conclusións dun informe encargado pola Consellería de Economía e Industria á Universidade de Vigo, que analiza a incidencia do reforzo das redes de transporte e as medidas de repotenciación dos parques eólicos na implantación de proxectos industriais.

O estudo, elaborado polo Grupo de Investigación en Enxeñería Eficiente e Dixital da Universidade de Vigo (EN.EDI), pon o acento na necesidade de investir e reforzar as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, que son imprescindibles tanto para poder evacuar a electricidade xerada polas instalacións de produción como para dar servizo aos consumidores, especialmente os industriais, no proceso de descarbonización que deben afrontar.

En relación coas posibilidades de produción de electricidade a partir de enerxías renovables en Galicia, o informe pon de manifesto o gran potencial eólico en Galicia, cuxo aproveitamento está limitado na actualidade pola inexistencia dunha rede de transporte e distribución capaz de absorber toda a electricidade que se podería xerar a partir desta fonte renovable e limpa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, o atraso na implantación de novas infraestruturas da rede de transporte planificadas polo Estado está xa a provocar que proxectos industriais coa tramitación ambiental finalizada non poidan comezar a súa construción ao non ter aínda posibilidades de conexión á rede eléctrica.

Nese sentido, o Goberno galego vénlle demandando de forma reiterada ao Goberno central que adopte medidas urxentes para o desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica, co fin de dar resposta ao potencial de aproveitamento de enerxías renovables en Galicia e ás necesidades de consumo de proxectos industriais que teñen previsto instalarse en Galicia. “Isto ten que ser un traballo en equipo”, indicou Rueda.

De non adoptarse este tipo de medidas, o Goberno galego advirte de que non será posible cumprir cos obxectivos de aproveitamento de enerxías renovables previstos no Plan nacional integrado de enerxía e clima, aprobado polo Consello de Ministros.

As medidas demandadas polo Goberno Galego teñen como obxectivo que se garanta que ningún proxecto industrial perda a oportunidade de implantarse en Galicia por falta de conexión ao sistema eléctrico, nin por falta de posibilidades de dispor de electricidade de orixe renovable a un prezo competitivo, elemento fundamental para desvincularse da dependencia de combustibles fósiles, acadar autosuficiencia enerxética e procurar beneficios para a sociedade galega.

Vantaxes

A Comunidade galega conta na actualidade con 190 parques eólicos en funcionamento, segundo datos do Rexistro Eólico de Galicia, que supoñen unha potencia de arredor de 3.900 MW. Deles, o 60 % teñen muíños cunha antigüidade superior aos 20 anos, que representan aproximadamente o 56 % da potencia total instalada en Galicia (2200 MW); e por riba dos 540 MW representan os parques con 25 anos ou máis de funcionamento.

No informe levado ao Consello avalíanse catro variables con relación a esta medida: o número de aeroxeradores das distintas fases de repotenciación de todos os parques obxecto de estudo e diferenciados por anos de antigüidade; a potencia instalada antes e despois da repotenciación; a enerxía anual producida (EAP) nos parques en servizo e unha vez repotenciados, e as horas equivalentes antes e despois da modernización.

O informe conclúe que a repotenciación dos parques actuais, incluso mantendo a súa potencia, permitiría aumentar a produción de electricidade de orixe renovable nun 35 % con respecto á actual, cunha redución no número de aeroxeradores de ata un 79 %, grazas á maior eficiencia das novas tecnoloxías, fronte á utilizada nos parques antigos. “Equivaldría a crear novos 20 novos parques e permitiría atender a demanda dos proxectos previstos no entorno das Pontes”, indicou a conselleira.

Ademais, na hipótese de que implantasen redes de transporte e distribución axeitadas co potencial eólico galego, tal e como demanda o Goberno galego, mantendo a mesma ocupación de terreos actual, poderíase aumentar a produción eólica actual ata un 124 %,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mesmo reducindo o número de aeroxeradores ata case un 80%. “Isto sería semellante a instalar 70 novos parques e permitiría atender as necesidades dos proxectos industriais da Coruña e Sabón”, indicou Lourenzana.

Estas conclusións e a necesidade de descarbonización da economía reflicten claramente a obriga de desenvolver con urxencia novas redes eléctricas para poder dar resposta ás posibilidades de xeración de electricidade de orixe renovable, así como ás necesidades das industrias.

Prezos competitivos

O reforzo das infraestruturas proposto, xunto coas medidas de repotenciación dos parques eólicos de Galicia, revertería así na cidadanía, no marco da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, que naceu precisamente coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos nosos recursos de maneira que se protexa o ambiente, que se cree riqueza e que esa riqueza xerada impacte no territorio, concretamente nas galegas e nos galegos.

Para avanzar neste proceso de transición enerxética e facilitar o asentamento de novas industrias, a Xunta está a traballar nas medidas de promoción e ordenación da repotenciación dos parques eólicos, impulsadas a través da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A repotenciación dos parques eólicos é clave para atraer e consolidar proxectos industriais intensivos en consumo de enerxía, poñendo ao seu dispor o acceso á enerxía limpa, factor diferencial actualmente dentro de numerosos procesos produtivos onde a etiqueta verde é un valor engadido en calquera produto, e a un prezo que contribúa a incrementar a competitividade desta industria.

Ademais, cómpre subliñar a redución da pegada ambiental e o impacto paisaxístico producido pola diminución do número de aeroxeradores, polo aproveitamento das infraestruturas existentes e polo territorio xa ocupado. Todo isto, sumado aos beneficios económicos, de emprego, sociais e mesmo educacionais derivados dos procesos de repotenciación nas comunidades locais onde se produzan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA EXECUCIÓN DOS FONDOS MRR COA ADXUDICACIÓN DE 1.265 M€, O 77 % DO IMPORTE INGRESADO

- O conselleiro de Facenda e Administración Pública presentoulle ao Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR correspondente ao primeiro trimestre de 2025
- Máis de 45.000 persoas, máis de 8.000 autónomos e máis de 5.500 entidades e sociedades se beneficiaron destes fondos

O importe adxudicado pola Xunta de Galicia dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia acada os 1.265 millóns de euros, o 89 % do importe publicado en convocatorias e licitacións e o 77 % do ingresado. Así se reflicte no informe que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, lle presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia correspondente ao primeiro trimestre de 2025.

A boa execución en Galicia tamén a confirman os datos do Ministerio de Economía, que din que a taxa de resolución de Galicia, sen as entidades locais, segue a ser a segunda máis alta en España, 78,4 % (15,5 puntos e 12,4 puntos máis que a media das comunidades autónomas e a AXE, respectivamente), o que pon en valor o traballo que veñen realizando as distintas consellerías desde o inicio da xestión dos fondos procedentes do MRR na Xunta de Galicia.

Segundo explicou Miguel Corgos no Consello, os ingresos recibidos que a Xunta ten a disposición para a execución do MRR ascenden a 1.631 M€, en ámbitos como a transición verde e transformación dixital, industria, comercio e turismo, protección social e educación ou ciencia e saúde. O prazo de execución destes fondos finaliza no ano 2026.

Ademais, máis de 45.000 persoas físicas, máis de 8.000 autónomos e máis de 5.500 entidades e sociedades se beneficiaron dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do primeiro trimestre de 2025.

Pola contra, a Xunta lamenta que o Goberno do Estado centralice a xestión dos PERTE, deseñados para o financiamento dos proxectos estratéxicos transformadores de colaboración público-privada, ao non permitir que as comunidades autónomas interveñan no deseño e planificación dos proxectos industriais tractores. Hai 12 PERTE aprobados, cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron 18.197 M€ (44%). A dotación dos PERTE supón o 25 % dos recursos totais do PRTR, incluíndo os recursos adicionais da Addenda de 2023.

A participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,6 % do asignado en toda España (1.023 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ CASE 1.600 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO ENTRE MAIO E NOVIEMBRO DESTE ANO

- As convocatorias corresponden a 32 procesos selectivos, dos cales 27 serán de acceso libre e cinco de promoción interna separada
- Do total, 28 procesos corresponden a corpos/escalas de persoal funcionario, cun total de 1.258 prazas e catro a categorías de persoal laboral, cun total de 334 prazas
- Preto do 40 % das prazas convocadas de persoal funcionario son para o subgrupo C2 e un 31 % para o subgrupo C1/B
- O primeiro exercicio dos procesos realizarase entre novembro de 2025 e setembro de 2026

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe, para poder “traballar coa máxima previsión posible a efectos de preparación dos exames”, que a Xunta convocará “case 1.600” (1.592) prazas de emprego público “entre o mes de maio e o mes de novembro” deste ano. Así se desprende dun informe sobre procesos selectivos presentado hoxe no Consello do Goberno galego polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Segundo apuntou o titular do Goberno galego, estas convocatorias corresponden a 32 procesos selectivos, dos cales 27 son de acceso libre e cinco de “promoción interna” separada. Dos procesos de acceso libre, 23 corresponden a persoal funcionario, dos cales cinco son para a Administración xeral e 18 para a Administración especial; e catro corresponden a persoal laboral. Ademais, 28 dos procesos corresponden a corpos, escalas ou especialidades de persoal funcionario, cun total de 1.258 prazas e catro a categorías de persoal laboral, cun total de 334 prazas.

Polo que respecta ás prazas, para o persoal funcionario son 291 de acceso libre para Administración xeral; 245 de acceso libre para Administración especial, e 722 de promoción interna. Para o persoal laboral convócanse 334 prazas de acceso libre en distintas categorías.

Entre os procesos selectivos para persoal funcionario, preto do 40 % das prazas convocadas de persoal funcionario son para o subgrupo C2 e un 31 % para o subgrupo C1/B. Un 10 % son o subgrupo A1, un 15 % para o subgrupo A2 e preto do 3 % para a agrupación profesional.

Tal e como abondou o presidente, en maio convocaranse 357 prazas: 10 para patrón e 13 para mecánico da escala operativa do servizo de gardacostas, 7 prazas para peón/oa forestal, 71 de xefe/a de brigada e 75 de condutor/a de bombeiro/a forestal, e 181 de bombeiro/a forestal.

En xuño sairá a convocatoria de 149 prazas: 15 prazas da escala técnica de cociña, 45 da escala auxiliar de cociña, 35 da escala de persoal subalterno, 50 da escala auxiliar de coidadores, 3 da escala de profesores/as numerarios/as, especialidade de procesos de cultivo acuícola e unha máis da escala de mestres/as de taller, especialidade de servizos ao buque.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En setembro convocaranse 14 prazas nas especialidades de ciencias do mar (4), pesca marítima (2), bioloxía pesqueira (1), navegación marítima (4), máquinas e instalacións mariñas (2) e inglés marítimo (1).

Entre os meses de setembro e outubro saíran as convocatorias de formación e orientación laboral (1), procesos sanitarios (1) e máquinas e produción (2).

No mes de outubro vanse convocar 657 prazas para o corpo superior da Administración xeral PI (40), xestión da Administración xeral PI (150), auxiliar da Administración xeral PI (185) e administrativo da Administración xeral PI (282).

Entre os meses de outubro e novembro vanse convocar 155 prazas máis: 75 de auxiliar de clínica, 15 de psicoloxía e 65 de PSX PI.

Por último, no mes de novembro convocaranse 258 prazas, segundo a seguinte relación: 2 de técnicos estatísticos, 59 do corpo superior da Administración xeral, 40 de xestión da Administración xeral, 74 do corpo administrativo da Administración xeral e 83 do corpo auxiliar da Administración xeral.

Calendario de exames

O primeiro exercicio dos procesos comezará en novembro de 2025 e iranse desenvolvendo ata setembro de 2026, empezando polas especialidades que se convocan antes. Así, por exemplo, os primeiros exames para patrón e mecánico de gardacostas terán lugar o 28 de novembro e os de peón forestal e os relacionados co servizo de protección e defensa contra incendios forestais, incluídos os xefes de brigada e os condutores, serán o día 14 de decembro.

O calendario completo, tanto das convocatorias como das datas dos primeiros exercicios dos procesos, pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_opo/opo_principal.jsp.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADA A MAIOR CIFRA DA HISTORIA NA CAMPAÑA DE VERÁN CON 11.630 PRAZAS

- Rueda destaca a ampla oferta para a mocidade de entre 9 a 30 anos que amplía nun cento as prazas ofertadas
- Entre as propostas destacan os campamentos, aos cales este ano poderán optar 8.183 nenos e nenas de 9 a 17 anos, 266 máis que no 2024
- Como novidade, nesta edición todas as modalidades seguen a asignación por sorteo, incluídos os minicampamentos e simplifícase o proceso de demanda de prazas cun único modelo de solicitude
- As accións inclúen tamén campos de voluntariado, lecer alternativo para maiores de 18 anos, intercambios con outras comunidades e o uso de instalacións xuvenís
- O prazo de solicitudes ábrese este venres, tras a publicación o mércores da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia vai contar este ano “coa maior oferta de prazas” de campamentos e actividades de verán da súa historia. “Serán 11.650 prazas para a mocidade entre 9 e 30 anos, unha cifra récord”, o que supón 100 máis que na campaña anterior.

A campaña de verán trátase dun programa xa consolidado a través do cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude fomenta que os máis novos empreguen o seu tempo libre durante os meses de xullo, agosto e setembro participando en actividades de carácter “lúdico, cultural, deportivo” e formativo, e que supón, ademais, un recurso “que facilita a conciliación familiar”. Neste senso, Galicia segue a ser un referente a nivel de todo o Estado, dado que ofrece unha programación que a converte en destino preferente para os mozos e mozas galegos, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, aos cales se lles facilita un recurso de lecer educativo de primeiro nivel.

Cómpre destacar tamén que esta campaña, que cada ano pon en marcha o Goberno galego, avoga plenamente pola integración e a inclusión, de maneira que todos os mozos e mozas teñen a oportunidade de participar en igualdade de condicións e con independencia das súas necesidades específicas, xa que contan sempre co persoal especializado que se precise. Deste xeito, as persoas con discapacidade poden presentar a súa solicitude de participación en campamentos a través da convocatoria da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou optar pola convocatoria específica da Consellería de Política Social e Igualdade.

O prazo de inscricións abrirá este venres, despois da publicación o mércores da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás para o programa de actividades de lecer alternativo para maiores de 18 anos, que abrirá en maio. Como novidade, este ano simplifícase a petición de prazas ao pasar de 4 modelos distintos de solicitude a un só, co obxectivo de mellorar a transparencia e a información e de facilitarlles e axilizar o proceso de peticións ás persoas interesadas. Ademais, a asignación de prazas do programa de minicampamentos Coñece Galicia, que antes se xestionaban por orde de inscrición, realizárase desta vez por sorteo, ao igual que os campamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Campamentos e minicampamentos

A modalidade de campamentos, destinados a nenos e nenas de entre 9 e 17 anos, é a que oferta un maior número de prazas, 8.183, repartidas en 38 instalacións das 4 provincias, o que suma 266 máis con respecto ao ano pasado.

Cunha duración de entre 8 e 12 días por quenda durante os meses de xullo, agosto e setembro, esta proposta bríndalle á cativada a oportunidade de gozar de actividades para divertirse e tamén encamiñadas ao seu enriquecemento persoal e vital. Trátase dunha iniciativa que tamén abrangue oferta en campamentos "noutras sete comunidades autónomas" e que no caso deste ano son "País Vasco, Extremadura, Castilla y León, Castilla-La Mancha, La Rioja, Madrid e Cantabria".

Por outra banda, nesta edición tamén se programan para a franxa de idade comprendida entre os 9 e 12 anos os minicampamentos Coñece Galicia, unha proposta lúdico-formativa con 779 prazas que se desenvolve nos espazos naturais da Comunidade cunha duración de 5 días, de luns a venres. Neste senso, os participantes, que optarán a 16 programas de estadias diferentes, aloxaranse en establecementos turísticos co obxectivo de favorecer as necesidades de conciliación e coidado das familias á vez que se fomenta o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia.

Campos de voluntariado e actividades para maiores de 18 anos

"Para a mocidade de máis de 18 anos, e ata os 30, a Xunta oferta dúas iniciativas, os campos de voluntariado e un programa de actividades de lecer alternativo", explicou Rueda. No que respecta aos primeiros, contan con 600 prazas en 37 localizacións de Galicia, ás cales hai que sumar outras 75 prazas noutras comunidades autónomas e 75 máis no estranxeiro.

Estas accións desenvólvense maioritariamente en colaboración cos concellos e pretenden favorecer a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e a súa contorna, a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos. Ademais, os participantes gozarán da práctica de deportes ou visitas a lugares de interese histórico e cultural.

Por outra banda, este ano dáselle continuidade ao paquete de actividades específicas para maiores de 18 anos que se puxo en marcha no 2024 e que promove un lecer educativo, alternativo e saudable con 218 prazas en 8 instalacións. Cunha duración de entre 4 e 13 días, os obxectivos destas accións son mellorar as competencias e as habilidades da mocidade a través da educación non formal, de maneira que coñezan a xeografía e o patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, promovendo o seu respecto e posta en valor.

Ademais, este ano incorpórase como novidade unha reserva de prazas no programa Conecta con Galicia no Camiño, da Secretaría Xeral de Emigración, que ten por finalidade facilitarlle aos participantes o enriquecemento persoal a través da convivencia con outros mozos galegos de diferentes orixes.

Instalacións xuvenís

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais da oferta directa de prazas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a campaña de verán tamén inclúe o uso das instalacións xuvenís por parte de asociacións, entidades prestadoras de servizos á mocidade, escolas de tempo libre, corporacións locais e outras entidades públicas ou privadas que leven a cabo plans relacionados cos mozos e mozas. A proposta, con 1.720 prazas e quendas de 5 a 10 días de duración, tamén está dirixida a grupos de mozos e mozas galegos non asociados que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CIFRA EN 13,7 M€ ATA 2026 O INVESTIMENTO PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello do Goberno galego avaliou un informe da Consellería do Medio Rural que fai balance do feito en 2024 e que recolle para este ano e o vindeiro a construción e a reforma de ata sete diferentes instalacións repartidas polo territorio galego
- Prevese a construción ou adecuación das bases de medios aéreos en Lalín, Sandiás e Valga, así como a posta en marcha de novas bases de unidades operativas (BUO) en Portas, Valga, Tui e Bande
- Póñense en valor os traballos realizados o pasado ano, coa construción da base transfronteiriza de Támega, nos concellos ourensáns de Verín e Oímbra, os labores na base aérea de San Xoán de Río, nesta mesma provincia, e as novas BUO de Muíños, Rianxo e Mondoñedo
- Este plan enmárcase na política da Xunta de prevención e defensa contra incendios, que ten como referente estratéxico o Pladiga, un documento cuxa actualización se aprobará a principios do vindeiro mes de maio, unha vez oído –a próxima semana– o Consello Forestal, como indica a normativa

O Plan de mellora das infraestruturas da Dirección xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural inclúe un orzamento de 13,7 millóns de euros no período 2025-2026 para a construción e reforma de ata sete diferentes instalacións repartidas polo territorio galego. Así se explica nun informe do que tomou hoxe razón o Consello da Xunta, como paso previo á próxima aprobación da actualización anual do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga). O visto e praxe a este documento por parte do Goberno galego prevese para principios do vindeiro mes de maio, unha vez oído –este mércores– o Consello Forestal de Galicia, como indica a normativa de aplicación.

As actuacións de mellora das infraestruturas para o bienio 2025-2026 centraranse en Lalín, Valga (con dúas intervencións), Portas e Tui, na provincia de Pontevedra, e nos concellos ourensáns de Sandiás e Bande. Así, no informe figura a construción dunha nova base de medios aéreos en Lalín, cuxo inicio está previsto neste ano 2025. Situarase no polígono industrial Lalín 2.000 en terreos cedidos polo Concello. Terá unha superficie de máis de 17.200 m² e a súa helipista contará con cinco puntos de estacionamento para helicópteros.

Bases aéreas de Antela e Valga

Canto á adecuación das instalacións da base de medios aéreos de Antela, no concello ourensán de Sandiás, o proxecto recolle unha renovación integral do complexo, unha base apta para a operación de seis avións de carga en terra. O seu financiamento contará co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feder), dentro do programa Interreg. A construción dunha base de medios aéreos no concello pontevedrés de Valga terá un deseño semellante á de Antela e situarase na parroquia de Setecoros.

Neste mesmo municipio de Valga, está prevista tamén unha nova base de unidades operativas (BUO), que será idéntica á do veciño concello de Portas. Así, ambas estarán

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conformadas por edificacións de dous andares e cunha superficie total de algo máis de 414 m². Prevese finalizar ambas as obras –financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)– ao longo do ano 2026.

No que atinxe á BUO de Bande, esta infraestrutura acollerá tamén a sede do distrito forestal XV-A Limia. A superficie construída superará os 642 m², dividida en dous andares. O financiamento desta iniciativa contará co apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feder), nas mesmas condicións ca a BUO de Tui. Esta última levarase a cabo mediante a recuperación e posta en valor do Viveiro de Areas.

Actuacións en 2024

O Plan de mellora das infraestruturas fai tamén balance das accións desenvolvidas durante o ano 2024. Así, pon en valor a execución das BUO de Muíños, Rianxo e Mondoñedo. Así mesmo, inclúe unha referencia á construción da base de medios aéreos transfronteiriza de Támega, nos concellos ourensáns de Verín e Oímbra. Sínálase que esta infraestrutura está deseñada para a operativa de seis aeronaves de carga en terra, cun heliporto para catro aparellos.

Por último, no balance de 2024 débúllase a construción e a adecuación das instalacións da base de medios aéreos de San Xoán de Río, Ourense, que conta cunha superficie construída de 281 m² e dispón de dous espazos diferenciados, un para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais e outro para os pilotos de helicóptero.